

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000026.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércORES**, día **2 de xullo de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

URBANISMO

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DA ORDENANZA MUNICIPAL DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLE.
2. PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDO DE DETALLE PARA AGREGACIÓN DAS PARCELAS SITAS NOS NÚMEROS 37 E 38 DA RONDA DA MURALLA.
3. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PARCIAL DO SUD S-1.I (LUGO-ALTO) DO PXOM DE LUGO.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

4. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN, MANTEMENTO E OPTIMIZACIÓN DO SITIO WEB MUNICIPAL WWW.DESENVOLVE.LUGO.ORG. APROBACIÓN DO PREGO TÉCNICO E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN, EXP. REF. 2025/C003/000038.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5685998646726858972.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-7-2025

5. APROBACIÓN DAS BASES PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CASETAS E CALDEIROS DO POLBO DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN DOS ANOS 2025 E 2026 CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA O ANO 2027 E 2028, EXP. 2025-C013-000005.

6. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL "JOSÉ CARBALLIDO CERCEDA". APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO E DAS CONDICIÓNS DA CONCESIÓN, EXP. REF. 2025-C012-000002.

7. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CABINAS SANITARIAS PORTÁTILES DE ASEOS NAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN CORRESPONDENTES AOS ANOS 2025 E 2026. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025-C004-000019.

8. PERMUTA DE PARCELAS ENTRE ESTE CONCELLO E O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO PARA INCREMENTAR O PARQUE DE VIVENDA PROTEXIDA NO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF. 2024/C022/000080.

FOMENTO

9. APROBAR O TEXTO E PROCEDER Á SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A RECADACIÓN DE INGRESOS MUNICIPAIS COA ENTIDADE CAIXA RURAL GALEGA SCCLG.

10. APROBACIÓN ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A., E O CONCELLO DE LUGO SOBRE O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA NO RÍO MIÑO NO T.M. DE LUGO.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A

VECIÑANZA

PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

11. VALIDACIÓN DO GASTO RELATIVO Á IMPARTICIÓN DE OBRADOIRO PARA AS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS: DESENVOLVEMENTO DE CATRO OBRADOIROS DE PANDEIRETA TRADICIONAL.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,